

SERVIZO DE PEDIATRÍA DO HOSPITAL PÚBLICO DO SALNÉS

PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Pediatría do Hospital Público do Salnés trata pacientes en idade pediátrica, desde o nacemento ata os 15 anos. Establece accións prioritarias encamiñadas a un servizo de pediatría orientado ao paciente e a súa familia.

É un hospital IHAN desde o ano 2005, Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e a Lactación, acreditación de calidade que outorgan a Organización Mundial da Saúde (OMS) e Unicef.

Existe unha estreita colaboración cos pediatras de atención primaria da zona. O servizo está comprometido coa mellora continua, mantendo programas de calidade e indicadores de accesibilidade, eficiencia e resultados.

EQUIPO HUMANO

O equipo está constituído por 7 profesionais:

- Coordinador e Xefe de Servizo: Ramón Serantes Souto.
- 6 facultativos especialistas de área de pediatría.

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Rúa Hospital do Salnés, n.º 30

36619 Vilagarcía de Arousa

Pontevedra

Teléfono 986 568 000

- Localización da Unidade de Urxencias Pediátricas: edificio de urxencias, planta 0
- Planta de hospitalización pediátrica: planta 1
- Consultas externas pediátricas: planta -1

CARTEIRA DE SERVIZOS

A liña de actividade do Servizo de Pediatría do Hospital Público do Salnés inclúe a prestación de coidados específicos correspondentes ás áreas de coñecemento de pediatría e neonatoloxía. A enfermería da unidade poderá atender, ademais, pacientes de cirurxía xeral e dixestiva, uroloxía, otorrinolaringoloxía e traumatoloxía, sempre en pacientes menores de 15 anos ao seu ingreso.

A hospitalización pediátrica atende a patoloxía que precisa manexo en réxime de hospitalización para o diagnóstico e tratamento de diferentes problemas de saúde do neno. Presta servizos de hospitalización, tanto a atención primaria como á consulta da especialidade no propio hospital e ao Servizo de Urxencias.

Por tanto, a nosa carteira de servizos inclúe todos os procesos correspondentes ás áreas de coñecemento de pediatría, entre os que se atopan os seguintes:

Neonatoloxía e medicina perinatal

Acabado de nacer con idade xestacional superior ás 36 semanas e/ou peso superior a 2000 g.

Aténdese o acabado de nacer san na habitación da nai; no caso de precisar coidados mínimos ou intermedios, dispoñemos dunha sala de observación do acabado de nacer na primeira planta de hospitalización.

Serán trasladados ao noso hospital de referencia:

1. Pacientes que requiran tratamento cirúrxico,
2. Pacientes con criterio de atención en UCI neonatal.

Lactantes e preescolares

Patoloxías específicas de subespecialidades pediátricas (aparello dixestivo, cardioloxía, endocrinoloxía, infectoloxía, neonatoloxía, pneumoloxía, nefroloxía, neuroloxía e pediatría social): faríase a despistaxe e o diagnóstico síndrome e remitiríanse ao hospital de referencia para actuacións específicas.

Atenderanse de forma global todas as subespecialidades pediátricas.

Serán trasladados ao noso hospital de referencia:

1. Pacientes que requiran tratamento cirúrxico,
2. Pacientes con criterio de atención en UCI pediátrica,
3. Pacientes oncolóxicos,
4. Pacientes que requiran realización de exploracións especiais non existentes no hospital e que estas sexan necesarias para o correcto diagnóstico.

Escolares e adolescentes

A carteira de servizos por subespecialidades pediátricas esténdese tamén á poboación escolar da nosa área. Neste grupo de idade indícarase o traslado ao hospital de referencia nas seguintes circunstancias:

1. Realización de exploracións especiais non existentes no hospital e que sexan necesarias para o correcto diagnóstico,
2. Patoloxía neoplásica,
3. Pacientes que requiran tratamento cirúrxico complexo,
4. Pacientes con criterio de atención en UCI pediátrica.

Consultas externas por subespecialidades pediátricas

Neonatoloxía e lactación materna, aparello dixestivo, cardioloxía, endocrinoloxía, infectoloxía, neonatoloxía, pneumoloxía, nefroloxía, neuroloxía e pediatría social.

ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- Participación en sesións clínicas xerais do hospital.
- Participación en comisións hospitalarias: lactación materna, sepsis, hemoderivados...
- Participación en ensaios clínicos de vacinas.
- Participación como docentes dos programas de formación de médico interno residente (MIR).
- Publicacións:
 - Martínez Lorenzo R, González Piñeiro Y, Vilas Vázquez CO. *Protuberancia ósea con adelgazamiento cortical*. An Pediatr (Barc). 2020. <https://doi.org/10.1016/j.anpedi.2020.01.006>
 - Martínez Lorenzo R, González Piñeiro Y, López Vázquez AM, Trigo Daporta M. *Incremento en el número de casos diagnosticados de tosferina, ¿pensamos más en ella?* Aten Primaria. 2017 May; 49(5): 309–311.
 - Martínez Lorenzo R, González Piñeiro Y, Muñiz Lorenzo MI, López Vázquez AM. *Información a los padres sobre la profilaxis de la enfermedad hemorrágica del recién nacido*. An Pediatr (Barc). 2017;

86(5):294.

- Martínez Lorenzo R, González Piñeiro Y, Gayoso Couce M. *Experiencia en un hospital comarcal con los cuidados paliativos pediátricos*. An Pediatr (Barc). 2013 Jan;78(1):67-8.
- Premios:
 - *Transporte pediátrico secundario en un hospital comarcal*. Segundo premio á mellor comunicación no XXIV Congreso Autonómico SEMES Galicia. 2016.
 - *La tosferina suma y sigue. ¿Qué está fallando?* Premio á mellor comunicación no XXX Congreso Nacional de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria. 2016.
 - *Pinzamiento tardío, una transición respetada*. Cualificada co selo de Buena Práctica do Sistema Nacional de Salud. 2015.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

Sociedades científicas:

- [Sociedade Galega de Pediatría](#)
- [Asociación Española de Pediatría](#)
- [Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria](#)
- [Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria](#)

Outros:

- <http://www.e-lactancia.org/>
- <https://www.ihan.es/>